

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE XULLO DE 2013**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dez de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:


**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase desestimar parcialmente o recurso potestativo de reposición interposto contra o acordo 6/440 da Xunta de Goberno local do 18 de xullo de 2012 de denegación de licenza municipal de instalación, e de licenza de obras para estación base de telefonía móbil na estrada da Coruña, números 36-38.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenza: para parcelamento das parcelas matrices 221, 220 e 107 do polígono 512, de Santo André de Castro; para construción de cuberta en patio de recreo do colexio en ampliación de edificio existente con licenza número 464/84, sito en solo urbano, na rúa Anxo López Pérez, número 2; para a rehabilitación de planta baixa con destino a uso de vivenda no edificio con licenzas números 62/41 e 49/49, sito na rúa Rof Codina, número 4, e rúa Montirón, número 81; para realizar obras no edificio con licenza número 76/69, sito na rúa San Isidro Labrador, números 23 e 25, consistentes na unión das dúas edificacións lindeiras, de tal maneira que se deixa un único portal con dúas portas de acceso, suprimindo a escaleira do edificio número 23 e instalación de ascensor no seu lugar; para a apertura de porta en fachada de planta semisoto da vivenda unifamiliar con licenza número 171/74, sita en Camiño da Vía, número 1, Galegos de Abaixo-Xuíz norte, parroquia de Castelo-Santiago de Afora e para construción de vivenda unifamiliar na área de expansión con ordenación predeterminada no núcleo rural número 28.1 de Barcia, número 6, parroquia de Mazoi.

**3. XESTIÓN.-** Acórdase a aprobación definitiva do "Proyecto de obras ordinarias constructiva de rampa de acceso para minusválidos en rúa Dinán, 1-3 bajo".

Código Seguro de verificación:Q2q1oA1Igwj2aTkJpH5fsg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	12/07/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3
 Q2q1oA1Igwj2aTkJpH5fsg==			

Acórdase a aprobación definitiva do “Proxecto de obras ordinarias para rampa de acceso a farmacia en avda. Fontiñas, 302 baixo”.

Tamén se acorda a aprobación definitiva do Proxecto de obras ordinarias “Línea de media tensión subterránea enlace Sub. San Cibrado - CR Mercedes”.

Así mesmo, acórdase a aprobación inicial do Proxecto de obras ordinarias “Red de distribución para suministro de gas natural con MOP=16”.

#### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**4. PERSOAL.-** Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por mor de traballos coas asociacións e resolucións de expedientes de subvención e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a designación dos membros do Tribunal cualificador do procedemento selectivo para a selección de 6 socorristas para a realización da obra “Vixilancia e salvamento acuático en áreas recreativas”.

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto por un empregado municipal.

#### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**


**5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto na contratación do alugueiro de stands para o recinto feiral e fondo da praza maior durante as festas do San Froilán 2013 e a apertura do procedemento de adxudicación

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Contestación ao escrito presentado por varios empregados municipais, pertencentes ao corpo de Bombeiros deste Excmo. Concello de Lugo.
- Proposta da Alcaldía relativa á suplencia do Secretario Xeral do Pleno no período de vacacións do ano 2013.
- Corrección de erro no expediente relativo á modificación orzamentaria: suplencia de crédito 1/2013.

Código Seguro de verificación:Q2q1oA1Igwj2aTkJpH5fsg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	12/07/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	Q2q1oA1Igwj2aTkJpH5fsg==	PÁGINA 2/3




Q2q1oA1Igwj2aTkJpH5fsg==

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**



Código Seguro de verificación:Q2q1oA1Igwj2aTkJpH5fsg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	12/07/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	Q2q1oA1Igwj2aTkJpH5fsg==	PÁGINA	3/3
 Q2q1oA1Igwj2aTkJpH5fsg==				